

SERVIZO DE PUBLICACIÓNS da UNIVERSIDADE DE VIGO
NORMAS TÉCNICAS para composición de orixinais con ordenador
MONOGRAFÍAS E OBRAS DE AUTOR

1. Os orixinais destinados ás coleccións deberán ter as seguintes medidas: 170 x 240 mm coas marxes superior e inferior de 25 mm, a marxe externa de 17 mm e a marxe interna de 20 mm. Se se utiliza unha páxina DIN A4 as marxes correspondentes serán: superior e inferior 37 mm, externa e interna 42 mm.
Preferible (**non obrigatorio**) a fonte *Adobe Garamond Pro, Times New Roman*. Tamaño: 11 puntos.
As táboas, figuras, etc., terán un ancho máximo de 130 mm.
O estilo da publicación ten que ser homoxéneo. Se hai un coordinador ou editor ten que revisar todos os textos de distintos autores para que teñan as mesmas normas, por exemplo de numeración, figuras, táboas.
2. Poderá usarse calquera das versións dos procesadores MicroSoft WORD (WINDOWS/Apple-McIntosh).
3. Os soportes informáticos deberán presentarse convenientemente rotulados coa indicación do(s) arquivo(s) que conteñen, e mencionarán o procesador utilizado especificando a súa versión. En función da extensión de cada un, é recomendable facer coincidir cada capítulo, parte, etc., cun arquivo específico. A cada arquivo asignaráselle un nome significativo e un número relativo á súa orde de montaxe.
4. A sangría da primeira liña dos parágrafos, tanto no texto como nas notas no pé, deberá facerse coa opción específica do procesador de textos. En ningún caso utilizar espazos. Non utilizar retornos extra de liña ou carro. Na fase de maqueta xa se fai automaticamente.
5. Cando se usan os guións como parénteses, o de apertura escríbese pegado á palabra seguinte e o de cerre pégase á palabra precedente (Ex. *Santiago –capital de Galicia– é unha cidade fermosísima* e non **Santiago - capital de Galicia - é unha cidade fermosísima*). Debe usarse para este fin o guión que en Word se obtén premendo ALT+0150 (non vale o guión pequeno que figura no teclado)
6. Composición dos epígrafes (titulares):
 - titular de primeiro nivel (mención de *Prólogo, Introducción*, título de cada capítulo, mención de *Bibliografía*, etc.): aliñación dereita, minúscula, negra. Número de capítulo: en romano en liña propia. Sen punto final.
 - titular de segundo nivel: epígrafes de capítulo: numerados con arábigo, aliñación esquerda, sen sangría, minúscula, negra. Sen punto final.
 - titular de terceiro nivel (subepígrafes de epígrafe): sen numerar, sangrados, minúscula, negra. Sen punto final.
 - titular de cuarto nivel (subepígrafes de subepígrafe): sen numerar, sangrados, minúscula, fina, cursiva. Sen punto final.Non utilizar espazos ou tabuladores para as sangrías.
7. As notas no pé da páxina compoñeranse coa opción específica do procesador de texto. As chamadas ás notas dentro do texto deberán compoñerse en superíndice ("voladita"): exemplo¹
Incluír as notas no pé de páxina no final do texto e non no espazo de pé de páxina (onde se inclúe o número de páxina, etc.)
8. Cando os orixinais conteñan táboas, estas deberán compoñerse facendo uso da opción específica do procesador de textos. **Nunca se usará para este fin a barra espaciadora.**
Non incluír táboas escaneadas de documentos previos, se non é estritamente necesario (neste caso é necesario mencionar a fonte). As celas deben ir en branco. Todas as táboas deben levar un encabezado e un número, exemplo: táboa 1, táboa 2; en orde consecutiva según a cita do texto. O formato será simple sen bordes de táboa, etc., xa que o formato se incluírá de forma automática de acordo có estilo da editorial. O ancho máximo da táboa é de 130 mm.

9. Deberá facerse referencia na copia impresa da colocación exacta das figuras ou do material gráfico que, pola súa natureza, non se inclúsen no arquivo ou nos arquivos informáticos.
10. É recomendable citar as referencias bibliográficas –tanto nas notas coma na bibliografía–, cos apelidos e nome dos autores en minúsculas ou versaleta. En calquera caso, **as letras maiúsculas deben acentuarse sempre**. Ano de edición. Título da publicación con cursiva. Lugar: editorial, revista, etc.

Exemplo:

Atienza, Manuel (1991): *Las razones del derecho. Teorías de la argumentación jurídica*. Madrid: Centro de Estudios Constitucionales.

Belnap, Nuel D. y Thomas B. Steel (1976): *The logic of questions and answers*. New Haven-London: Yale University Press.

Böhmer, Martin F. (ed. 1999): *La enseñanza del derecho y el ejercicio de la abogacía*. Barcelona: Gedisa.

Varias obras do mesmo autor:

Bruner, Jerome (1961): *El proceso de la educación*. México: Uteha.

— (1985): *En busca de la mente*. México: Fondo de Cultura Económica.

— (1988): *Desarrollo cognitivo y educación*. Madrid: Morata.

Se o ano de publicación é o mesmo, diferenciaranse escribindo unha letra (a, b, etc.) despois do ano.

A sangría e o estilo final, farase de forma automática có estilo da editorial, polo que non ten que incluírse.

11. Os soportes informáticos deberán vir acompañados necesariamente dunha copia impresa do traballo.

MATERIAL GRÁFICO. O material gráfico dixitalizado deberá atermos ós seguintes parámetros:

· Debuxos, planos, mapas, gravados, etc.: formatos .TIFF, .PNG, .JPG tendo en conta que o proceso de dixitalización («escaneado») se fará en liña ou mapa de bits (nunca en escala de grises) cunha resolución mínima de 150 puntos por polgada (p.p.i) e recomendada de entre 600 e 1200 p.p.i. Se é posible en formato dixital de alta calidade.

· Fotografías e logotipos: formato .TIFF en color ou escala de grises (branco e negro) segundo proceda, cunha resolución mínima de 150 puntos por polgada (p.p.i) e recomendada de entre 600 e 1200 p.p.i.

· Gráficos: Preferentemente en Excel (os gráficos de Word presentan frecuentemente problemas de conversión aos programas profesionais de maquetación). Tamén pódense presentar as gráficas (tipo Excel) en formato *bitmap* de alta calidade (.PNG, .JPG, .TIFF, etc).

ECUACIONES

As ecuacións complexas deberán escribirse cun editor de ecuacións. Aconséllase que non se escaneen as ecuacións dun traballo ou unha publicación anterior, por problemas de uniformidade no formato final e para que os símbolos sexan lexibles.

NOTA: Prefírese que o orixinal non leve demasiadas marcas e formatos, nin tabulacións, nin sangrías. Soamente con indicar os distintos niveis de títulos e parágrafos é suficiente, xa que na fase de maquetación se fará co estilo da editorial.

Para calquera dúbida ou aclaración, dirixirse a Julia Mencía, ext. 812235.